Tamén no Nadal, comercio local!

Bases de participación

1. Presentación

Trátase da terceira edición da campaña de promoción do comercio local de Teo. A súa finalidade é incentivar o consumo responsable nos negocios de Teo nestas datas. Promocionando o comercio local contribuímos ao desenvolvemento local do noso Concello.
Dentro das novidades desta edición está a incorporación á campaña da artesanía local e do Mercado do Alimento Labrego ou a modificación das condicións para a obtención das tarxetas de participación.

Esta edición realizarase desde o 9 de decembro 2019 ata o 12 de xaneiro de 2020 co lema *"Tamén no Nadal, comercio local!"*.

2. Inscricións e condicións de participación

2.1. Poderán participar na campaña todas aquelas entidades comerciais establecidas no municipio de Teo, os obradoiros de artesanía con sede no Concello, as adegas e as persoas que integran o Mercado do Alimento Labrego de Teo, ben de xeito individual ou ben de xeito global, como mercado. Admítense as fórmulas de venda en liña, tanto dos comercios como do artesanado de Teo.

2.2. Para formalizar a inscrición será necesario completar e asinar a folla de inscrición que se enviará ao enderezo electrónico das entidades interesadas en adherirse á campaña. A dita ficha será recollida polo persoal do Concello cando realice o reparto do material da campaña.

2.3. Cada entidade comercial disporá de carteis coa información da campaña. Tamén se lle proporcionarán tarxetas de participación nos sorteos para ofrecerlle a aquela clientela que merque nos termos especificados nestas bases.

2.4. A clientela recibirá unha tarxeta de participación nos sorteos polas compras en entidades adheridas á campaña segundo os seguintes importes:

- Compras de entre 5 e 10 € (ambos incluídos): 1 tarxeta de participación
- Compras de entre 11 e 30 € (ambos incluídos): 2 tarxetas de participación
- Compras de entre 31 e 50 € (ambos incluídos): 3 tarxetas de participación
- Compras superiores a 50 €: 4 tarxetas de participación

2.5. As entidades participantes deberán grampar o recibo de compra ou factura ás tarxetas de participación obtidas pola clientela.

2.6. A clientela deberá depositar as tarxetas de participación, cubertas e co recibo ou factura grampado, nas urnas colocadas para tal finalidade nas entidades comerciais. No caso da venda en liña, será a entidade á que introducirá a tarxeta de participación, cuberta e co recibo ou factura grampado, na urna da súa propia entidade comercial. O datos das tarxetas de participación deberán estar cubertos con letra maiúscula e lexible coa finalidade de localizar á persoa no caso de ser receptora dun dos

agasallos sorteados. Os datos recollidos nas tarxetas de participación só terán esta finalidade e serán destruídos ao finalizar o sorteo da campaña.

2.7. Ademais, as entidades participantes deberán:

- Explicar os termos da campaña á súa clientela.
- Colaborar en todas as accións de comunicación, prensa e relacións públicas da campaña.
- Colocar, nun lugar visible e accesible, o cartel da campaña deseñado para tal efecto e a urna para depositar as tarxetas de participación da clientela.
- Manter a integridade da urna onde se depositarán as tarxetas de participación.

3. Sorteo

Realizarase o luns 13 de xaneiro ás 13.00 horas no salón de plenos do Concello de Teo. As tarxetas de participación optarán polos premios que se describen no seguinte apartado. Por cada tarxeta de participación premiada haberá dúas de reserva para garantir que non queden desertos os premios ofertados.

4. Premios

1º Premio. Todas as tarxetas de participación entregadas polas entidades participantes entrarán no sorteo do primeiro premio, que consistirá ***nun abono anual de uso das instalacións da Piscina Cuberta da Ramallosa (para a persoa gañadora ou unha persoa que esta designe).***

2º Premio. Tras o primeiro sorteo, as tarxetas de participación non agraciadas participarán no sorteo do segundo premio, que consistirá ***nunha noite de aloxamento para dúas persoas, con cea e almorzo incluídos, nun dos establecementos hostaleiros colaboradores do concello,*** a desfrutar entre o 1 de febreiro e o 31 de maio de 2020.

3º Premio. Tras o segundo sorteo, as tarxetas de participación non agraciadas participarán no sorteo do terceiro premio, que consistirá ***nunha actividade de turismo activo a elección, entre as seguintes propostas, da persoa agraciada: un descenso polo Ulla, unha xornada de paint ball ou un paseo a cabalo,*** a desfrutar entre o 1 de febreiro e o 31 de maio de 2020.

4º Premio. Tras o terceiro sorteo, as tarxetas de participación non agraciadas participarán no sorteo do cuarto premio, que consistirá ***nunha cesta de alimentación valorada en 100 €.***

5º Premio. Tras o cuarto sorteo, as tarxetas de participación non agraciadas participarán no sorteo do quinto premio, que consistirá ***nun bono de 50 € para usar nunha das entidades comerciais adheridas (comercios, mercado labrego ou artesanía),*** a desfrutar entre o 1 de febreiro e o 31 de maio de 2020.

Premio directo: *100 entradas ás instalacións da piscina municipal climatizada da Ramallosa*. Para desfrutar entre o 9 de decembro e 15 de xaneiro de 2020. Cada entidade comercial terá unha entrada que regalará á primeira venda de importe superior a 20 €.

Unha vez finalizado o sorteo de cada premio sortearanse as reservas dos mesmos.

O Concello resérvase o dereito de cambiar a orde, o número e a denominación dos premios ata o momento do inicio da campaña.

5. Apoio institucional

5.1. O Concello de Teo encargarase da organización e coordinación da campaña. A organización encargarase de repartir as tarxetas de participación e carteis promocionais da campaña ás entidades. A reposición farase segundo a demanda. As entidades interesadas deberán achegarse ás dependencias do Concello para recoller as tarxetas de participación de reposición. O Concello recollerá as urnas coas tarxetas de participación ao finalizar a campaña.

5.2. O Concello de Teo encargarase da promoción desta campaña realizando as se guintes accións promocionais:

- Edición e reparto do material publicitario.
- Presencia en prensa escrita e redes sociais do Concello de Teo e da Deputación da Coruña.

Concello de Teo
CIF. P 1508300 I
Travesía da Ramallosa 38, Lucí
15883 Teo
Tfno.: 981 815 700